

## MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

2021

O Departamento de Lingua Galega está dotado desde 1192 cun único posto estable, unha técnica de normalización lingüística cun contrato laboral fixo, e desde 2018 conta co reforzo dunha segunda técnica, funcionaria interina, para o programa Apego.

A actividade que se realiza devén do previsto no Regulamento de uso do galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela, que sinala:

*Art. 16. O servizo municipal de normalización lingüística programará e coordinará as accións necesarias para dar cumprimento ao espírito que aniña neste regulamento.*

Alén disto, tanto o Plan de normalización lingüística municipal (2002) como o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento galego en 2004, ao abeiro da Lei de normalización lingüística e demais normativa ao respecto, establecen directrices e priorizan sectores para a intervención en prol do uso social da lingua galega, que é o obxectivo do departamento.

A principal canle para coñecer os diferentes programas do departamento é a web <http://delingua.santiagodecompostela.gal>, onde se foi dando conta de convocatorias ou novas ao respecto. Complétase, asemade, coa rede social Facebook (<https://www.facebook.com/linguagalegasantiagodecompostela/>) e coas webs e redes sociais específicas con que contan algúns programas (Apego, Youtubeir@s, Engruífate, Galegoempresas, Premios Manuel Beiras, Coidar para mellorar, fundamentalmente).

Varios dos programas desenvólvense de xeito colaborativo con outros concellos e institucións, co fin de ampliar o seu alcance e aproveitar con maior eficiencia os recursos dispoñibles. Con esta mesma finalidade o Concello de Santiago forma parte de Alingua (Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega), de cuxa directiva formamos parte.

En 2021 a oficina do departamento trasladouse do Pazo de Raxoi ao local municipal situado na rúa da República do Salvador, 12, que xa viña funcionando como Espazo Apego.

Inclúese, logo desta introdución, un cadro que reflicte a actividade como centro xestor de gasto e encargado das tarefas asociadas á tramitación administrativa dos expedientes. A seguir, completan a memoria as fichas que resumen cada liña de actividade.

Programa	Operacións	Cantidades executadas en €	Total executado por programa en €
Acollemento lingüístico	Contrato menor para o servizo de impartición de tres edicións dun obradoiros de acollemento lingüístico de 36 horas	7.560	13.731
Elos	Contrato menor para a xestión dun programa de voluntariado para o intercambio lingüístico (Elos)	6.171	
Apego	Contrato menor para o servizo de deseño dun coleccionable gráfico de actividades temáticas permanentes	8.712	65.202,5
	Contrato menor para a impresión de 1.000 coleccións de tarxetas de psicomotricidade do Apego	4.906,55	
	Contrato menor para o servizo de atención e coordinación e impartición de obradoiros no Espazo Apego	16.335	
	Contrato menor para o servizo de intervencións artísticas e produción de Martes de contos no parque	7.502	
	Varios gastos menores de intervencións artísticas no Espazo Apego (19 operacións)	9.519,25	
	Contrato menor para o servizo de produción e contidos da Festiña do Apego	17.726,5	
	Compra de material non inventariable para o Espazo Apego (3 operacións)	242,39	
	Compra de bibliografía para actividades do Espazo Apego	258,81	
	Territorio xogantín	Contrato menor para a xestión e monitoraxe do territorio xogantín	
Youtubeiras	Contrato menor para o servizo de impartición de 23 obradoiros	7.018	7.018
Enreguéfate	Contrato menor para a xestión e difusión do certame	3.045,72	8.245,72
	Contrato menor para o servizo de xestión e difusión	5.200	
Coidar para mellorar	Contrato menor dun servizo de asesoramento en comunicación comercial	17.424	22.869
	Contrato menor dun servizo de formación en comunicación comercial	5.445	
Galegoempresas	Contrato menor dun servizo de produción de contidos para unha campaña de fomento da lingua e de promoción do comercio local a través de audiovisuais	15.730	15.730
Premios Manuel Beiras	Contrato menor para o servizo de deseño e execución da campaña divulgativa	8.649	8.649
			144.997,78

Programa	<b>Asesoramento lingüístico</b>
Sector	Administración municipal Sociedade
Difusión	Correo electrónico e teléfono
Obxectivos	Ofrecer un servizo de información sobre calquera cuestión relacionada co idioma. Facilitar apoio para a produción en galego. Mellorar a calidade dos textos.
Descrición	Corrección de textos Tradución Resolución de dúbidas Elaboración de modelos de documentos Difusión de recursos e materiais de apoio lingüístico
Actividade 2021	Tratáronse un total de 303.953 palabras que, a razón de 300 palabras por páxina, supoñen unhas 1.013 páxinas [Pode equipararse a unhas 506,58 horas de traballo ( <a href="#">600 palabras/hora</a> ) ou 12.158 € ( <a href="#">0.04 €/palabra</a> )] Non temos contabilizadas as consultas resoltas por teléfono ou correo electrónico.  Os textos revisados acompañanse con notas complementarias para que as persoas usuarias deste servizo vaian mellorando as súas competencias e coñecendo recursos.

Programa	<b>Administración</b>
Sector	Administración municipal
Difusión	Correo electrónico
Obxectivos	Lograr a plena normalización do uso do galego na Administración municipal
Descrición	Asesoramento, organización ou xestión de propostas relacionadas coa competencia lingüística do persoal municipal (perfís lingüísticos, avaliación de competencias, formación), a inclusión do galego nas normas de comunicación ou en calquera procedemento que implique as garantías lingüísticas das persoas usuarias e os obxectivos de normalización no funcionamento das entidades públicas galegas.
Actividade 2021	<p>Colaboramos co Departamento de Persoal na organización de tres edicións dun curso de linguaxe administrativa, corrección, estilo e claves para a redacción incluído dentro do Plan de formación continua do persoal municipal. (Recibíronse 99 solicitudes, foron admitidas 95 persoas e remataron os cursos con aproveitamento un total de 86).</p> <p>Formulamos unha proposta para mellorar a avaliación das competencias lingüísticas do persoal no momento do seu ingreso co fin de homologala no posible ao tipo de probas que se realizan no sistema CELGA, incluír a contratación temporal e achegar as esixencias ao desempeño real dos postos</p> <p>Presentamos unha proposta sobre o tratamento do galego nos procesos e nos procedementos de contratación administrativa.</p>

Programa	<b>Acollemento lingüístico</b>
Sector	Poboación xeral
Difusión	<p>Web do departamento. Correos electrónicos a persoas que manifestaron interese. Información a través da UAMI <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/convocatoria-de-obradoiros">http://delingua.santiagodecompostela.gal/convocatoria-de-obradoiros</a> <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/node/287">http://delingua.santiagodecompostela.gal/node/287</a></p>
Obxectivos	Facilitar destrezas básicas para a comprensión oral e escrita e un coñecemento inicial do contexto cultural e de aspectos prácticos como a estrutura administrativa ou os recursos ao dispor das persoas que veñen vivir á nosa comunidade.
Descrición	Obradoiros presenciais para persoas adultas que proceden doutras comunidades para facilitarlles un primeiro achegamento ao galego. Realízanse no Espazo Apego.
Actividade 2021	<p>Primavera: Horario de mañá (luns e mércores de 11 a 13 horas), entre o 15 de marzo e o 31 de maio, 18 sesións/36 horas</p> <p>Horario de tarde (luns de 19 a 21 h e mércores de 19.30 a 21.30 h), entre o 15 de marzo e o 25 de maio, 18 sesións /36 horas</p> <p>Outono: Horario de mañá (martes e xoves de 10.30 a 12.30 h), entre o 14 de outubro e o 14 de decembro</p> <p>Inscribíronse un total de 60 persoas. Obtiveron o certificado acreditativo 25 persoas.</p>

Programa	<b>Programa de voluntariado para o intercambio lingüístico, Elos</b>
Sector	Poboación xeral
Difusión	<p>Web do departamento.          Correos electrónicos a persoas que manifestaron interese.          Información a través da UAMI          Información a través do Servizo de Normalización Lingüística da USC  <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/voluntariado-para-o-intercambio-ling%C3%BC%C3%ADstico">http://delingua.santiagodecompostela.gal/voluntariado-para-o-intercambio-ling%C3%BC%C3%ADstico</a>  <a href="https://nostelevision.gal/bota-a-andar-a-primeira-edicion-do-programa-elos-unha-iniciativa-que-organiza-parellas-linguisticas-para-falar-en-galego/">https://nostelevision.gal/bota-a-andar-a-primeira-edicion-do-programa-elos-unha-iniciativa-que-organiza-parellas-linguisticas-para-falar-en-galego/</a></p>
Obxectivos	Facilitar a práctica oral da lingua
Descrición	<p>O programa facilita o contacto entre persoas que desexan aprender ou practicar o galgo e persoas que voluntariamente queiran colaborar con elas.</p> <p>Xestiona as inscricións, propón os emparellamentos e organiza o primeiro encontro, que se realiza con mediación e sen intercambio de datos. Unha vez que as dúas persoas confirman o seu interese na proposta, comprométese a manter, cando menos, unha hora semanal de conversa.</p> <p>Desde o programa préstase apoio e información sobre recursos complementarios e achégase unha oferta de actividades grupais e de contido cultural dirixidas a ampliar as posibilidades de entrar en contacto e practicar a lingua.</p>
Actividade 2021	<p>Desde o inicio do programa, en xuño, inscribíronse 157 persoas, un equilibrio case permanente entre as que desexan aprender e as que se ofrecen para ensinar.</p> <p>Ao remate do ano estaban en funcionamento 59 parellas.</p> <p>Organizáronse dúas visitas guiadas pola Cidade Histórica e ofrecéronse 20 entradas para eventos musicais e 100 para Cineuropa, grazas á colaboración da Concellaría de Acción Cultural.</p>

Programa	<b>Apego</b>
Sector	Primeira infancia (0-6 anos) (familias)
Difusión	<p>Presencial (entrevistas ás familias que desexan adherirse ao programa)          Correo electrónico (información ás familias adheridas)          Web propia: <a href="http://www.apego.gal">www.apego.gal</a>          Web xeral do departamento: <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal">http://delingua.santiagodecompostela.gal</a>          Páxina de Facebook: <a href="http://www.facebook.com/apego.gal">www.facebook.com/apego.gal</a>          Material impreso (carteis e folletos en espazos relacionados coa infancia)</p>
Obxectivos	Incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial e promover que o usen de maneira habitual
Descrición	<p>Programa organizado en colaboración con outros concellos que inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Atención á comunidade usuaria:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Acollemento inicial nunha entrevista con cada unha das familias interesadas (información sobre o programa, argumentos a prol do uso do galego como lingua inicial, entrega do material de acollida –caixa e cd-, información sobre recursos dispoñibles, inscrición, recollida de información sociolingüística).</li> <li>▪ Envío de correos electrónicos periódicos para dar conta de novos recursos e das actividades que se organizan para a socialización en galego.</li> </ul> </li> <li>○ Mantemento espazos de información e divulgación de argumentos, recursos e actividades:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxinas do programa en colaboración co resto dos concellos:  <a href="http://www.apego.gal">www.apego.gal</a>  <a href="http://www.facebook.com/apego.gal">www.facebook.com/apego.gal</a></li> <li>▪ Nova periódica coa programación mensual, recursos coleccionables e mais as actividades semanais do Apego que ofrece o Concello  <a href="http://www.delingua.santiagodecompostela.gal">www.delingua.santiagodecompostela.gal</a></li> </ul> </li> <li>○ Creación e localización de recursos para a crianza e a socialización en galego.</li> <li>○ Programación de actividades lúdicas, educativas e culturais para facilitar a socialización en galego dos nenos e nenas (Espazo Apego)</li> <li>○ Formación sobre recursos para persoas educadoras.</li> </ul>
Actividade 2021	<p><b>Atención á comunidade usuaria:</b></p> <p>Durante o ano 2021 inscribíronse 71 novas familias, 40 delas achegáronse ao Departamento de Lingua Galega para facer a entrevista presencial e recoller o material de benvida.</p>

Número total de familias inscritas ao remate de 2021: 584

**Recursos:**

Propostas lúdico-didácticas para as familias distribuídas co programa mensual de actividades:

- Seres mitolóxicos no monte do Viso (marzo)
- Dominó das profesións (abril)
- Xogo de dobre sobre os produtos da horta (maio)
- Crebacabezas cos elementos da bogada (xuño)
- Tarxetas sobre diferentes deportes (xullo)
- Xogo do teléfono escangallado (agosto)
- Mapa de árbores senlleiras (setembro)
- Recortable sobre os gazafellos (outubro)
- As fontes e o picheis (novembro)
- Instrucións para fabricar unha gárgola (decembro)

Publicación dos audiovisuais gravados no Festival do Apego 2020 (9 vídeos):

- Magín Blanco: “Tambor...”. Música
- Pablísimo: “Dez ratiños viaxeiros”. Conto
- Pablo Díaz: “Coas miñas mans”. Música
- Pakolas: “Ramona Órbita. A dona do tempo”. Música
- Golfiños: “Bo día...”. Música
- Xarope Tulú: “Salvaxe”. Conto
- Aldalado: “Po e Xía”. Poesía
- Mamá Cabra: “Cantiga de Nadal”
- Anxo Moure (o Apalpador). Historias

Stickers para o móbil

Tarxetas de psicomotricidade

Xogo de memoria sobre as emocións

Bits de intelixencia sobre a contorna

Dominó de adiviñas encadeadas

Mantel organizador dos utensilios da mesa

Xogo de peto para ir durmir

Xogo de peto para viaxar

**Actividades:**

Xaneiro: actividades suspendidas

Febreiro: actividades suspendidas

Marzo a decembro (agás agosto): actividades continuadas no **Espazo Apego**



- **Martes: Tarde de contos** (0-6 anos). Espazo para ler, contar, inventar, escoitar e traballar coa literatura oral e escrita. Houbo 259 inscricións con desigual reparto. A partir do mes de setembro incrementouse a demanda cunha media de 10 inscricións por día, mais en decembro producíronse abundantes renuncias debido á situación epidemiolóxica provocada pola pandemia da covid-19, ao igual que no resto das actividades.
- **Mércores:** Este día da semana, quizais debido á oferta de actividades noutros ámbitos, comportou sempre unha menor afluencia de público.

#### **Mércores de función / Enredando (mes de marzo)**

Os mércores de función do mes de marzo ensaiáronse como posibles días para realizar as actividades especializadas co obxectivo de dinamizar a afluencia de público, mais non houbo éxito na convocatoria, polo que no seguinte mes volveuse ao esquema do ano anterior de xoves de función. Os dous espectáculos que se programaron en marzo, con 14 inscricións, foron:

10/03/21 "Carabranca" con Iria Pinheiro (+ 3 anos)

24/03/21 "Obradoiro de arrolos" con Mamá Cabra (0-3 anos)

O resto dos mércores do mes de marzo cubríronse coa actividade estable guiada polas monitoras do Espazo Apego (Enredando): 3 familias inscritas.

**Xogos de palabras (de abril a decembro, agás agosto).** Práctica de ditos e cancións para o entretemento, o coñecemento, a relación...: 58 familias inscritas

- **Xoves:**

**Xogos de palabras (mes de marzo):** 9 familias inscritas

**Xoves función / Enredando (de abril a decembro, agás agosto).** De xeito alterno programáronse diversos espectáculos guiados por artistas especializados e obradoiros de xogos para enredar e socializar a través da lingua.

Nos días dos obradoiros Enredando houbo 69 inscricións.

Nos xoves de función a demanda foi alta nalgúns dos espectáculos, aínda que só cinco deles conservaron listaxe de agarda. Incluímos neste espazo os espectáculos

programados na semana especial do Nadal (352 inscricións):

08/04/21 "Contos no medio do mar" con Pavís Pavós (+ 3 anos)

22/04/21 "Derriba da lúa" con Rilo e Penadique (0-4 anos)

06/05/21 "Extra!" de Paco Nogueiras (+ 4 anos)

20/05/21 "Entre arrolos e contiños" de Migallas Teatro (0-4 anos)

10/06/21 "Xogos musicais coa palabra" de Babaluva (+ 2 anos)

24/06/21 "A loba Antea" con A Teta dos Contos (+ 3 anos)

01/07/21 "Arrolos e colos musicais" con Leticia Falcón (0-4 anos)

08/07/21 "Estimulación musical temperá" con Leticia Falcón (0-4 anos)

16/09/21 "Nano canta croac" con Raquel Queizás (1-4 anos)

30/09/21 "Brinca vai!" con Paco Nogueiras (+ 3 anos)

14/10/21 "Cantos, contos e mais regalos" con Celso F. Sanmartín (+ 3 anos)

28/10/21 "Como axudo a Antón?" con Biosbardos Animación (+ 3 anos)

11/11/21 "UMU\_Música e ritmo para bebés" con María Move (0-3 anos)

25/11/21 "Historias de bichocos" con Bicharracos (+ 3 anos)  
16/12/21 "Ris ras" con Baobab Teatro (1-8 anos)  
27/12/21 "Chuches Amil" con Fran Amil (+ 3 anos)  
28/12/21 "Xogos de mesa" con Brazolinda (3-8 anos)  
29/12/21 "UMU\_Música e ritmo para bebés" con María Move (0-3 anos)

- Venres: **Obradoiros para medrar**. Espazo educativo dedicado a familias que están criando nenas e nenos de 0 a 6 anos, con obradoiros prácticos sobre diferentes aspectos da crianza . Ofrecéronse en paquetes mensuais sobre temas de especial interese nas idades máis temperás e combináronse os aspectos formativos para as persoas educadoras co xogo simultáneo das crianzas. Hai que ter en conta que as familias participantes inscribíronse de xeito conxunto nos obradoiros mensuais (non se reconta unha inscrición por cada venres senón unha mensual) e sen límite de persoas adultas participantes (adoitan acudir dúas persoas adultas por familia): 89 familias.

Os temas que se trataron:

Marzo: "O desenvolvemento motriz"  
Abril: "A linguaxe plástica e a expresión musical"  
Maio: "Medos, identidade e autonomía"  
Xuño: " Como enredar e aprender coas tarefas da vida cotiá"  
Xullo: "A conformación dos diferentes tipos de familia"  
Setembro: "Reflexións sobre pautas para a crianza"  
Outubro: "O outono como recurso educativo"  
Novembro: "A educación emocional"  
Decembro: "O xogo e a aprendizaxe"

Agosto: **Martes de contos no parque de Bonaval**. Case todas as funcións completaron a capacidade máxima admitida (150 persoas por función), polo que asistiron arredor de 700 persoas. O día 31 de agosto o espectáculo viuse inacabado por causa da choiva.

03/08/21 "O espantamedos" con Inacio Vilariño (3 - 6 anos)  
10/08/21 "Rosa e azul" con Pérez & Fernández (+ 3 anos)  
17/08/21 "Aldara na montaña" con Soraya Lema (3 - 6 anos)  
24/08/21 "O que levamos nas maletas" con Magín Blanco (+ 3 anos)  
31/08/21 "A caixa sen Pandora" con Teatro Ghazafellos (+ 3 anos)

Decembro: 30/12/21. **Festiña do Apego** no Auditorio de Galicia. Espectáculos escénicos e musicais, coa participación de catro propostas referentes do panorama artístico para público infantil. Ofertáronse 1400 entradas gratuítas, distribuíronse 800 e asistiron finalmente arredor de 400 persoas debido á situación epidemiolóxica do momento. Houbo que modificar un dos espectáculos o día anterior debido a este motivo. Ás familias asistentes entregóuselles cadanseu exemplar do xogo de psicomotricidade dispoñible nos recursos do Apego, que foi editado para a ocasión.

Participaron:

- 12 h "Os tres porquiños" con Bea Campos (0-3 anos). Conto

- 12.30 h “Arrollos de salitre” con Faia Díaz e Guillermo Fernández (0-3 anos). Música
- 17 h “Aguratrát” con Pérez & Fernández (+ 6 anos). Teatro
- 18.30 h “Bravas! O rexurdir da luz” coa Gramola Gominola. Música

**Difusión:**

Enviáronse correos ás familias para dar conta de cada un dos folletos coleccionables e da proposta de actividades mensual, dos novos recursos e da programación especial de agosto e de Nadal.

Mantívose actualizada a información sobre todas as actividades na web do Apego, [www.apego.gal](http://www.apego.gal), e na do Departamento de Lingua, <http://delingua.santiagodecompostela.gal>, tanto a través de novas como de fichas por actividade.

A páxina de Facebook do Apego deu conta de toda a programación local e tamén contribuíu a fornecer de recursos e información as familias en xeral. Dos 260 post publicados entre todos os concellos parceiros en 2021, o Departamento de Lingua foi responsable dun terzo.

Igualmente, o Apego tivo unha presenza activa na páxina de Facebook do Departamento de Lingua. Das 125 publicacións, dedicáronse a este programa 35.

**Espazo Apego:**

Neste ano mantivemos con actividade continua desde marzo o espazo asignado no local municipal da rúa da República do Salvador, 12.

Realizáronse xestións para seguir dotándoo de material para acoller actividades (mobiliario básico, protocolos covid, libros etc.)

Programa	<b>Territorio xogantín</b>
Sector	Infancia (6 a 10 anos)
Difusión	Web do departamento e do Concello <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/quedamos-polas-ma%C3%B1%C3%A1s">http://delingua.santiagodecompostela.gal/quedamos-polas-ma%C3%B1%C3%A1s</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer un espazo de socialización en galego a través do xogo.</li> <li>• Contribuír ao coñecemento por parte dos nenos e nenas do patrimonio lingüístico vinculado ao xogo.</li> <li>• Achegar a lingua como complemento de servizos atractivos e útiles para as persoas usuarias.</li> <li>• Promover valores de solidariedade, igualdade e respecto polo medio.</li> <li>• Ampliar o coñecemento e o uso dos espazos públicos por parte dos nenos e nenas.</li> <li>• Fomentar a autonomía persoal dos nenos e nenas no espazo público</li> </ul>
Descrición	<p>A actividade pretende animar os nenos e nenas a utilizar o espazo público para xogar do xeito máis libre posible e sen recursos especiais. Partindo dun punto de encontro fixo, durante dúas horas poñen en práctica as habilidades necesarias para xogar en grupo e ocupar o tempo de lecer de xeito divertido, san, participativo, solidario, respectuoso co medio e en galego, de cara a ser quen de divertirse e interactuar sen máquinas, xoguetes complexos ou grandes recursos.</p> <p>As monitoras actúan de facilitadoras, mais procurando sempre fomentar a iniciativa e a autonomía dos participantes. Ademais do seu papel de referentes do xogo procuran selo do uso da lingua galega, ao empregárena de maneira constante, desprexuízada e coa calidade adecuada co fin de que tenda a converterse na lingua en que funciona o grupo e na que se establecen novas relacións entre os nenos e nenas.</p> <p>Procúrase tamén achegar coñecemento sobre o espazo no que se moven (parques de Belvís e Bonaval e zona histórica) e buscar a interacción coas persoas da contorna para ampliar a rede de socialización e a autonomía e seguridade dos nenos.</p>
Actividade 2021	<p>De luns a venres, desde o 2 de agosto ata o 3 de setembro incluídos. Un total de 25 días (300 horas). Participaron 230 nenos e nenas.</p> <p>O punto de encontro foi a praza do Oito de Marzo e empregouse como lugar de apoio para o caso de chuvia o Local Social da Caramoniña. A situación sanitaria fixo que se priorizasen espazos pouco concorridos para desenvolver a maioría das xornadas. Os parques de Bonaval e Belvís foron os lugares máis frecuentados, e tamén máis demandados por parte da cativada participante, en consonancia coa temática que moveu moitas xornadas (os seres máxicos como trasnos e gazafellos).</p>

Programa	<b>Enreguéifate</b>
Sector	Poboación xeral / Centros de ensino
Difusión	<p><a href="http://www.enregueifate.gal">www.enregueifate.gal</a></p> <p><a href="https://www.facebook.com/Enregueifate/">https://www.facebook.com/Enregueifate/</a></p> <p>Web do Departamento de Lingua:</p> <p><a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/progr%C3%A1manse-vinte-e-tres-obradoiros-de-regueifa-en-centros-de-ensino">http://delingua.santiagodecompostela.gal/progr%C3%A1manse-vinte-e-tres-obradoiros-de-regueifa-en-centros-de-ensino</a></p> <p><a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal/certame-enregu%C3%A9ifate-2021">http://delingua.santiagodecompostela.gal/certame-enregu%C3%A9ifate-2021</a></p> <p><a href="https://www.instagram.com/enregueifate/channel/?hl=es">https://www.instagram.com/enregueifate/channel/?hl=es</a></p> <p><a href="https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/rianxo/2021/06/23/span-langglenregueifate-premia-as-doce-mellores-improvisacionspan/0003_202106S23C69917.htm">https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/rianxo/2021/06/23/span-langglenregueifate-premia-as-doce-mellores-improvisacionspan/0003_202106S23C69917.htm</a></p> <p><a href="https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/certame-enregueifate-da-conecer-regueifas-ganadoras-da-edicion-2021/20210618215016123833.html">https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/certame-enregueifate-da-conecer-regueifas-ganadoras-da-edicion-2021/20210618215016123833.html</a></p> <p><a href="http://revistapincha.gal/o-enregueifate-2021-xa-ten-as-suas-regueifas-ganadoras/">http://revistapincha.gal/o-enregueifate-2021-xa-ten-as-suas-regueifas-ganadoras/</a></p>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Divulgar o coñecemento da regueifa, especialmente entre a poboación xuvenil.</li> <li>• Achegar recursos e formación para facilitar á mocidade interesada a súa incorporación a esta forma de improvisación oral en verso.</li> <li>• Incentivar a práctica da regueifa.</li> <li>• Colaborar a que existan espazos nos que se practique a regueifa como forma de expresión, comunicación, participación e divertimento.</li> </ul>
Descrición	<p>Organizado colaborativamente polos concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo.</p> <p>Procura impulsar a práctica da regueifa como forma de improvisación oral en verso, e a través dela o uso da lingua galega, sumándose á rede de revitalización que desde hai anos se está producindo no ámbito escolar e asociativo, nomeadamente á Regueifesta, ás propostas de inclusión nos espazos educativos que encabezan os centros de Baio e Vila de Cruces e á asociación ORAL.</p> <p>Inclúe as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Obradoiros de regueifa</b> para centros de ensino, dirixidos principalmente aos niveis de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO.</li> <li>• Convocatoria dun <b>certame Enreguéifate</b> para incentivar a práctica desta modalidade de improvisación nos centros de ensino e na poboación en xeral e invitar a compartir vídeos regueifando en galego. Estes vídeos divúlganse a través das redes sociais e poden ser recoñecidos coas valoracións de expertos dentro de varias categorías: regueifa máis brava, máis aguda, diversa, reivindicativa, mellor cantada e mellor falada. As recompensas, de carácter simbólico, consisten en regueifas (roscas doces) que se entregaban no transcurso dun evento de clausura que serve tamén como mostra en directo de diferentes modalidades do repentismo.</li> </ul>

- Mantemento dunha páxina **web** con información, acceso aos vídeos, procedementos para a inscrición e recursos didácticos, completada coa divulgación en redes sociais de todas as partes do proxecto.
- Creación de **recursos divulgativos e didácticos** sobre a regueifa.

Actividade  
2021

**Obradoiros de formación (impartidos por A Rabela, Lupe Blanco e Josiño da Teixeira)**

**CEIP Lamas de Abade**

- (1) 9 de abril, de 9.15 a 10.45 (6ºA e 6ºB primaria) [21 participantes]
- (2) 14 de abril, de 9.15 a 10.45 (5ºA e 5ºB primaria) [25 participantes]
- (3) 16 de abril, de 9.15 a 10.45 (5ºA e 6ºC primaria) [24 participantes]

**Colexio Vilas Alborada**

- (4) 14 de abril, de 11.30 a 13 h (5º primaria) [25 participantes]
- (5) 16 de abril, de 11.30 a 13 h (5º primaria) [25 participantes]

**Colexio Nosa Señora dos Remedios**

- (6) 20 de abril, de 12.40 a 14.10 (1º ESO) [26 participantes]
- (7) 23 de abril, de 12.40 a 14.10 (1º ESO) [30 participantes]
- (11) 20 de abril, de 10 a 11.30 (4º A e B primaria) [46 participantes]
- (12) 23 de abril, de 9.30 a 11.30 (6º primaria A e B) [50 participantes]
- (13) 30 de abril, de 9.30 a 11.30 (2º ESO B) [30 participantes]
- (14) 30 de abril, de 12 a 13.30 (2º ESO A) [28 participantes]

**CEIP Apóstolo Santiago**

- (8) 9 de abril, de 12 a 13.30 h (3º ciclo A de primaria) [13 participantes]
- (9) 28 de abril, de 9 a 10.30 h (3º ciclo B de primaria) [15 participantes]
- (10) 28 de abril, de 12 a 13.30 h (3º ciclo de primaria C) [15 participantes]

**IES Lamas de Abade**

- (15) 27 de abril, de 12.45 a 14.25. (3º ESO) [50 participantes]
- (16) 29 de abril, de 12.45 a 14.25. (2º ESO) [46 participantes]

**IES de Sar**

- (17) 26 de abril, de 8.50 a 10.30 h (1º ESO) [23 participantes]
- (18) 26 de abril, de 10.50 a 12.30 h (2º ESO B) [17 participantes]
- (19) 26 de abril, de 12.50 a 14.20 (2º ESO A) [16 participantes]

**Escola Semente**

- (20) 7 de maio, de 10 a 11.30 h (3º, 4º e 5º primaria)

**CEIP Mestre Rodríguez Xixirei**

- (21) 4 de maio, de 10 a 11.30 h (6º primaria) [21 participantes]
- (22) 4 de maio, de 12 a 13.30 h (4º primaria) [18 participantes]
- (23) 7 de maio, de 12 a 13.30 h (5º primaria) [17 participantes]

### **Certame**

Participaron 42 vídeos, 36 na categoría escolar e 6 na xeral.

Como alternativa á gala de entrega de premios optouse por producir material audiovisual como recurso formativo permanente e por anunciar nun vídeo as [regueifas gañadoras do Enreguéifate 2021](#)

### **Recursos**

Producíronse varios audiovisuais formativos que inclúen un obradoiro de regueifa impartido por Lupe Blanco e Josiño da Teixeira, un encontro co estilo libre coa participación de Son da rúa, un percorrido por outros xéneros de improvisación no mundo guiado pola Ravela e Olalla Liñares, así como varias pímulas temáticas breves, todos eles publicados na web do proxecto: <https://enregueifate.gal/videos-formativos/>

Este proxecto [recibiu en 2021 o Premio Mil Primaveras](#)

Programa	<b>Youtubeiras</b>
Sector	Poboación xeral
Difusión	<a href="http://www.youtubeiras.gal">www.youtubeiras.gal</a> Web do Departamento <a href="#">Prensa</a>
Obxectivos	<p>Incrementar o uso da lingua galega na produción e consumo de audiovisuais de uso cotián a través das plataformas virtuais máis usadas, cos seguintes obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir aumentar a dispoñibilidade de vídeos en galego, tanto titoriais como de opinión.</li> <li>• Difundir socialmente a oferta de audiovisuais en galego.</li> <li>• Facilitar que as persoas que habitualmente producen audiovisuais o fagan en galego.</li> <li>• Facilitar que persoas con habilidades ou coñecementos que poidan ser de interese para outras poidan compartilos en vídeos titoriais ou de opinión.</li> </ul>
Descrición	<p>Organizado polos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago, Teo e O Grove, as universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña.</p> <p>Pretende chegar ás persoas usuarias das redes que consomen e crean audiovisuais non profesionais e tamén ás persoas susceptibles de crearen novos contidos para incentivar o uso do galego nestes espazos, en todas as súas vertentes, a través de varias liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en diferentes modalidades, presencial e en liña, para fornecer recursos, habilidades e coñecementos que poidan animar a creación.</li> <li>• Certame de vídeos con recoñecementos para varias categorías (mellor canle, mellor vídeo, mellor youtubeir@, calidade lingüística, impacto, calidade técnica, comunicación, creatividade, musical, didáctico, pioneiro e premio do público.</li> <li>• Participación en encontros e festivais.</li> <li>• Sesións para o encontro e o reforzo da comunidade youtubeira.</li> <li>• Difusión da produción e de referentes en galego a través das redes, dunha web e dos medios de comunicación tradicionais.</li> <li>• Gala final</li> </ul>
Actividade 2021	<p>Youtubeiras chegou a esta quinta edición cunha elevada participación, un aumento na calidade das producións, a consolidación da figura youtubeira dentro e fóra do proxecto e a existencia dunha certa comunidade arredor da creación dixital en lingua galega que percibe o proxecto como unha plataforma de conexión. Con estas bases, marcouse como obxectivo incentivar a continuidade na produción e, consecuentemente, realizáronse cambios nas bases dirixidos a que unicamente se puidese optar ao premios con canles, non con vídeos soltos, e a dar cabida a todo tipo de xéneros. Tamén mudou e medrou o esquema de premios do certame. O lema da convocatoria foi "<a href="#">Magnetismo en liña</a>".</p>



Inscribíronse no certame 48 canles (todas tiñan que incluír, como mínimo 5 pezas en galego)

No **ámbito formativo** optouse por ofrecer sesións especializadas en liña, coa seguinte programación:

18 de xuño/ Son e Youtube/ Xoán Escudero

17 de setembro/Posicionamento e Youtube/Adrián Suárez

6 de outubro/Aspectos legais/ Bárbara Román

Ademais foise enriquecendo a o proxecto con [artigos e entrevistas](#) sobre varias temáticas de interese.

A [gala final](#) celebrouse presencialmente no concello de Ames o 26 de novembro, conducida polas Tanxugueiras.

Programa	<b>Coidar para mellorar</b>
Sector	Empresas
Difusión	<a href="http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal">http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilitar a cada empresa un proxecto de mellora comunicativa formulado en galego e que incorpore a perspectiva de empregar a nosa lingua.</li> <li>• Transmitir ás empresas a argumentación que apoia a o uso do galego na comunicación comercial como un valor positivo e útil.</li> <li>• Fornecer recursos para a converxencia das empresas cara ao galego.</li> </ul>
Descrición	<p>Programa axudas integrado coas convocatorias do Departamento de Comercio, deseñado e xestionado conxuntamente.</p> <p>Inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Cheques de consultoría (axudas en especie) que se traducen en asesoramento ás empresas beneficiarias sobre a súa situación comunicativa para propoñerlles accións de mellora e presentarlles as vantaxes de empregar o galego.</li> <li>○ Subvencións a proxectos de mellora comunicativa en galego.</li> <li>○ Campaña informativa sobre as convocatorias.</li> </ul>
Actividade 2021	<p>Convocatoria de <b>cheques de consultoría</b> (BOP do 8/05/2020). Ofrecéronse 12 servizos de consultoría nas seguintes modalidades: comunicación, mercadotecnia visual e dixitalización. Presentaron solicitude 21 negocios, para un total de 38 cheques (9 de escaparatismo e mercadotecnia visual / 17 de comunicación comercial / 12 de dixitalización). Adxudicáronse 33 servizos que alcanzaron 19 negocios. No apartado de comunicación produciuse unha renuncia durante ao comezo da prestación, polo que finalmente se executaron 11 consultorías.</p>

Programa	<b>Galegoempresas</b>
Sector	Empresas Poboación xeral
Difusión	<a href="http://galegoempresas.santiagodecompostela.gal">http://galegoempresas.santiagodecompostela.gal</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilitar que o público coñeza e poida acceder á oferta empresarial en galego.</li> <li>• Recompensar o esforzo das empresas que usan a nosa lingua cunha maior difusión para contribuír a darlle maior rendemento e utilidade.</li> <li>• Contar con datos sobre o uso da lingua no sector.</li> </ul>
Descrición	<p>Galegoempresas é unha plataforma que pretende facer máis visible a oferta en galego do sector empresarial compostelán.</p> <p>Para incorporarse á web, as empresas cobren un formulario de autodiagnose. Unha vez validados os datos, deben completar a información coa que se presentaren publicamente (logo, datos de contacto, descrición, imaxes, web, redes sociais). A partir dese momento, a súa ficha está dispoñible para o público cunha valoración da porcentaxe de uso do galego que ofrecen, desagregada por ámbitos.</p> <p>As persoas usuarias poden realizar buscas por localización xeográfica e por sector, ou atopar o establecemento directamente. Cando abran a ficha poden ver, ademais do detalle sobre os seus produtos ou servizos, a valoración resultado da diagnose sobre o uso da lingua.</p> <p>A web pon á man tamén algún recursos lingüísticos en liña e un pequeno argumentario a prol do uso do galego neste ámbito.</p>
Actividade 2021	<p>En 2021 incorporáronse 9 novas empresas á base de datos.</p> <p>En colaboración co Departamento de Comercio deseñouse e xestionouse unha acción divulgativa do comercio local cos seguintes obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evidenciar que os valores asociados ao galego resultan útiles para crear vínculos entre o comercio local e a comunidade.</li> <li>• Contribuír á vitalidade do comercio local poñendo ao dispor do público información e coñecementos que resalten o seu valor diferencial (videoconsellos).</li> <li>• Impulsar dinámicas comunicativas útiles, atraentes e sostibles no comercio e facelo en galego.</li> <li>• Integrar #galegoempresas na marca #EuMercoAquí.</li> </ul> <p>Como resultado producíronse 20 audiovisuais con consellos útiles, que se farán públicos durante 2021 a través das páxinas de Lingua e de Comercio e que iniciarán</p>

unha canle de promoción pública á que se poden ir incorporando novos videoconsellos. Completarase con acción de comunicación pública.

---

Programa	<b>Premios Manuel Beiras</b>
Sector	Empresas
Difusión	<a href="http://www.premiosmanuelbeiras.gal">www.premiosmanuelbeiras.gal</a> <a href="https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2021/12/21/destacan-valor-do-galego-empresa-na-entrega-dos-premios-beiras/0003_202112S21C59910.htm">https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2021/12/21/destacan-valor-do-galego-empresa-na-entrega-dos-premios-beiras/0003_202112S21C59910.htm</a> <a href="https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3347867/empresas-vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-ganadoras-xxii-edicion-premio-manuel-beiras">https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3347867/empresas-vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-ganadoras-xxii-edicion-premio-manuel-beiras</a> <a href="https://www.nosdiario.gal/articulo/social/vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-levan-premios-manuel-beiras/20211220213909134414.html">https://www.nosdiario.gal/articulo/social/vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-levan-premios-manuel-beiras/20211220213909134414.html</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Chamar a atención sobre as empresas que empregan o galego como parte do seu servizo e engadir valor a esta aposta fronte ao público potencial.</li> <li>• Achegar ao sector empresarial unha mensaxe positiva sobre o rendemento de utilizar o galego na súa comunicación.</li> </ul>
Descrición	<p>O Premio Manuel Beiras ten un carácter simbólico coa finalidade de recoñecer e sumar difusión ás empresas que empregan o galego. Foi creado e mantense de xeito continuado desde o ano 2000 por acordo entre o Concello de Santiago e a Cámara de Comercio.</p> <p>Para invitar a que os propios negocios ou calquera outra persoa formule propostas de candidaturas, dar a coñecer as bases e transmitir os obxectivos do premio organízase unha campaña informativa cunha duración aproximada dun mes (novembro-décembro).</p> <p>O xurado, formado polas empresa premiadas o ano anterior, a SXPL da Xunta de Galicia, a USC, o Colexio de Xornalistas, unha asociación de consumidores e outra en defensa da lingua, ademais do Concello e a Cámara, escolle as empresas que se galardoan cada ano.</p> <p>Os premios entréganse nun acto público no que interveñen as dúas entidades organizadoras.</p>
Actividade 2021	<p><b>Campaña:</b> Centrouse no poder que as persoas consumidoras poden exercer a través da súa escolla de negocios que se identifican co galego e o empregan na súa comunicación. O</p> <p>Editáronse e distribuíronse 1700 unidades de tarxetóns-folleto para os establecementos, colocáronse 20 bandeirolas nas rúas e realizáronse promocións en redes sociais.</p> <p><b>Candidaturas:</b> O xurado avaliou 44 candidaturas.</p> <p><b>Evento de entrega de premios:</b> Celebrouse no Teatro Principal o 20 de decembro.</p>